



BASES

Convocada pola Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa, a **festa dos Maios de 2025** celebrarase o **DÍA 1 DE MAIO ÁS 11:30 H NA PRAZA II REPÚBLICA*** de acordo coas seguintes bases:

1 Poderán concorrer todas as persoas a nivel individual, colectivos (asociacións culturais, de mulleres rurais, veciñais...) e centros educativos de Vilagarcía que o desexen, sen limitación de idade. O número de persoas fixarase segundo as categorías. No caso dos centros educativos, só poderá participar ou a ANPA ou o centro.

2 A inscrición deberá facerse nas oficinas da Concellería de Cultura (Auditorio de Vilagarcía) **DENDE O DÍA 8 DE ABRIL ATA ÁS 13:00 H DO DÍA 24 DE ABRIL 2025.**

Os/as participantes deberán sinalar o nome do maio, o número de participantes e, se é o caso, acompañar a letra da cántiga.

3 Cada persoa a título individual, cada colectivo (asociacións culturais, de mulleres rurais, veciñais...) ou cada centro educativo só poderá presentar **UN MAIO POR CADA MODALIDADE.**

4 As modalidades de participación e as compensacións económicas da festa dos Maios 2025 serán as seguintes:

MODALIDADE	SEN COPLA	CON COPLA. MÍNIMO 10 PERSOAS	CON COPLA. MÁIS DE 25 PERSOAS	CON COPLA. MÍNIMO 4 PERSOAS
CÓNICO	80 € e rosca	100 € e rosca	150 € e rosca	-
ARTÍSTICO	80 € e rosca	100 € e rosca	150 € e rosca	-
CRUZ DE MAIO	rosca	-	-	40 € e rosca
CAIXA	rosca	-	-	30 € e rosca
BARCO	rosca	-	-	30 € e rosca



5 As letras das cantigas deberán ser interpretadas e mostradas ao público sobre o escenario situado no parque Miguel Hernández.

ASÍ MESMO, DEBERÁ ENTREGARSE UNHA COPIA DAS LETRAS NA CONCELLERÍA DE CULTURA ANTES DO 1 DE MAIO, DÍA DA CELEBRACIÓN DO EVENTO.

6 Os/as participantes deberán ter os maios expostos no parque de Miguel Hernández ás 11:00 horas do día 1 de maio, e deberán permanecer alí como mínimo ata as 20:30 h.

O Concello pasará a recoller o/s maio/s dos colectivos (asociacións culturais, de mulleres rurais, veciñais...) e centros educativos de Vilagarcía que o soliciten na ficha de inscrición ese mesmo día pola mañá e tamén os retirará o día 2 de maio. Aqueles colectivos e/ou centros educativos que queiran retiralos o día 1 a partir das 20:30 horas, deberán facelo cos seus propios medios. Non se recollerán nin retirarán os maios presentados a título individual, que deberán presentalos e retiralos polos seus propios medios.

7 Os/as participantes que vaian interpretar as cantigas deberán estar no parque Miguel Hernández ás 11:15 h, onde se procederá ao sorteo para a orde de actuación.

8 O pagamento faráselles ás persoas ou entidades que figuran na ficha de inscrición do concurso **mediante transferencia bancaria** *(o número de conta deberá indicarse obrigatoriamente na ficha de inscrición, acompañado de certificado bancario)*.

9 Recoméndase a utilización dos materiais tradicionais na construción dos maios, polo tanto, solicítase dos/as participantes que non empreguen elementos plásticos, metálicos etc.

10 Calquera dúbida presentada será resolta pola organización do acto e os/as participantes deberán atender en todo as súas instrucións.

11 A organización resérvase o dereito de non dotar economicamente os traballos que presenten unha baixa calidade e que non reúnan os requisitos mínimos esixidos.

Os/as participantes aceptan integramente as presentes bases.

Vilagarcía de Arousa, abril de 2025

* EN CASO DE MAL TEMPO, ESTES ACTOS TRASLADARANSE Á PRAZA DA PEIXERÍA



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

PARTICIPANTE	
CIF	
ENDEREZO	
PERSOA DE CONTACTO	
DNI	
TELÉFONO	
N.º CTA. BANCARIA	
DATA DE INSCRIPCIÓN	
HORA DE INSCRIPCIÓN	

TIPO DE MAIO (marcar cun x)

Cónico:	Título:
Artístico	Título:
Cruz de Maio:	Título:
Caixa:	Título:
Barco:	Título:

INTERPRETACIÓN / LETRAS

RECOLLIDA E ENTREGA DOS MAIOS

Recoller o día 01-05-2025 (marcar cun X)

Entregar o día 02-05-2025 (marcar cun X)

SI: NON:

SI: NON:

LUGAR DE RECOLLIDA:

HORA:

Sr. alcalde-presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa



AUTORIZACIÓNS

-Autorizo expresamente a comprobación, consulta e obtención telemática dos datos referidos a esta solicitude segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

(Marcar cun X):

Autorizo: ☒

-Autorizo o Concello de Vilagarcía á realización de fotografías, gravación de imaxes e rexistro de son dos eventos organizados pola entidade nos que apareza o/a neno/a inscrito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

As imaxes e os sons destinaranse á difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso, así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción de calquera tipo de documento que publique o Concello, tendo en conta sempre os dereitos da infancia e sen desvirtuar o contexto en que foron captadas.

Autorizo: ☒

A sinatura da presente inscrición supón o coñecemento e aceptación dos requisitos establecidos para a actividade obxecto da solicitude, así como a declaración de que todos os datos facilitados son certos. En caso de omisión de información, falta de sinaturas ou falta de documentación, a solicitude será invalidada.

Vilagarcía de Arousa, de de 2025

Sinatura

INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable	Concello de Vilagarcía de Arousa
Finalidade	Xestión do procedemento e actuacións administrativas
Lexitimación	O exercicio de potestades públicas segundo a normativa aplicable detallada no Rexistro de tratamento e de uso histórico, estatístico e científico: (Sede Electrónica / Transparencia / Protección de Datos / Rexistro de actividades tratamento)
Destinatarios	Administracións públicas e segundo o Rexistro de tratamento
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, ou calquera outro dereito recoñecido no Regulamento xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018
Contacto DPD	sede.vilagarcia.gal ou dpd@vilagarcia.gal